


Xullo

> Do xoves 6 ao domingo 9

Xardín Municipal / Todo o día

PRAZA DOS LIBROS Feira da creatividade cultural

Colabora: 

A Praza dos Libros cambia as datas pero non o escenario nin a súa esencia. Durante catro días, o Xardín Municipal converterase nun lugar máxico, onde o mar conta e os libros cantan, onde o pan alimenta o espírito e non só o corpo, e onde teñen cabida todas as manifestacións artísticas e culturais da Galicia máis creativa e innovadora. Agardámoste!

Consulta o programa completo da Praza dos Libros!



> Sábado 8

FESTIFOLK COSTA DA MORTE CONCELLO DE CARBALLO

20.00 h / Xardín Municipal

VINTEENBAIO E DRUÍDAS DA ROLDA

Iniciamos esta xornada dedicada á música tradicional cun concerto a cargo de dous grupos da zona que poñerán a bailar aos asistentes.

21.00 h / Rúas de Carballo

DESFILE DOS GRUPOS DE GAITEIROS DA COSTA DA MORTE

Unha nova ocasión para percorrer as rúas de Carballo ao son de grupos de gaiteros de distintas entidades asociativas da Costa da Morte.

Ao remate do desfile na Praza do Concello interpretarse conxuntamente o Himno do antigo reino de Galicia, que será iniciado polos veteranos gaiteros carballeses Evaristo Vázquez e José Lista.

22.00 h / Rúas de Carballo e Praza do Concello

GRUPO DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL DE GALICIA XACARANDAINA-DANZA3

Unha das mellores agrupacións de música e baile tradicional de Galicia, Xacarandaina, acompañarán aos nosos gaiteros por Carballo. Ao rematar o desfile farán unha exhibición do seu espectáculo de rúa cunha coidada coreografía e vestuario.

Organiza: Concello de Carballo | Colabora: Xunta de Galicia-Agadic

22.30 h / Praza do Concello

CONCERTO DE CAPERCAILLIE. *At the heart of it all*



Oportunidade única en Galicia de poder gozar dunha das bandas máis importantes da música celta de Europa, Capercaillie, que chegan a Carballo para celebrar o seu 30 aniversario co álbum *At the Heart of it all*.

Esta banda escocesa está composta por algúns dos músicos célticos máis importantes do mundo, que crearon nestes anos unha propia identidade musical na que mesturan fielmente as raíces profundas da cultura gaélica, con ritmos e texturas instrumentais adaptadas do pop e a música baile. A súa emocionante forza musical fan dos seus concertos en directo un espectáculo excepcional para os amantes da música tradicional, e para coñecer a unha das formacións que colocou a música escocesa no panorama musical actual.

Capercaillie conta con 19 discos na súa traxectoria, con grandes éxitos nas xiras por máis de 40 países de todos os continentes, e que está avalada por críticas extraordinarias de medios musicais especializados que din que "É a banda máis vibrante e emocionante no campo da música celta".

Organiza: | Colabora:



> Venres 14

22.30 h / Praza do Concello

Colabora: 

MARÍA DO CEO *De Portugal a Galicia Fado*

María do Ceo é unha artista recoñecida como intérprete da música tradicional portuguesa, considerada no mundo do fado como unha das grandes solistas deste xénero musical, tanto polo seu estilo de cantar como pola súa interpretación. Presentará no escenario carballés *De Portugal a Galicia Fado* no que fará un repaso polos fados máis tradicionais como Fado Pechincha, Fado Magala, Fado Corrido, Fado das horas e Fado Morería e cancións galegas como Lela, Saudade de ti, Carlos Casares, Bate a mar, entre outras.

Organiza: Concello de Carballo



> Venres 21

20.00 h / Xardín Municipal

Colabora:



DESASTRONAUTS Máis alto aínda

Conxugando circo e clown, a compañía Desastronauts preséntanos un espectáculo aéreo con trapezio e hula-hops de lume. Raquel Vezanones e Girisho Gordon cóntannos, dun xeito divertido e acrobático, a historia dunha muller forte, intelixente e independente, que rexeita un home infantil no seu intento por conquistala.



Venres 28 / 22.30 h / Praza do Concello

ROI CASAL

Son galego, son cubano



A mestura de muiñeiras con guarachas cunha poesía interxeracional fai deste concerto unha homenaxe a Xosé Neira Vilas e á emigración cubana que recollen a epopea de moitos galegos na illa. No disco destaca tamén a implicación de importantes artistas cubanos como Pablo Milanés e Laritza Bacallao, entre outros.

Patrocina:

Colabora:



Agosto

> Venres 4

Colabora: 

22.30 h / Praza do Concello

GUADI GALEGO *O mundo está parado*

Guadi Galego presentará o seu terceiro traballo en solitario, *O mundo está parado*. Un disco con dez temas moi coidados con letras que van do persoal á reflexión colectiva sobre a identidade e a coherencia. Os seus directos teñen unha sonoridade envolvente grazas aos arranxos pop e a un son entre a tradición e a vangarda que acada a súa madurez neste último traballo.

Guadi Galego é unha cantante de longa traxectoria no mundo da música folk. Formou parte de Berrogüeto, grupo co que gañou varios premios e que foi candidato aos Grammy. Xunto aos músicos Guillermo Fernández, Xabier Díaz e Xosé Lois Romero tamén formou a CadaCanto, nomeado aos Premios Martín Códax da Música 2016.



> Venres 11

21.00 h / Praza do Concello

Colabora: 

PABLO DÍAZ *Pablo Díaz e Tic Tac Toc*

Tic Tac Toc é o título do último libro-disco de Pablo Díaz e a súa banda que está ilustrado pola artista Almudena Aparicio e editado por Galaxia, que se presenta en Carballo cun concerto de pop-rock-folk para o público infantil e familiar. Xunto con seis músicos de importante traxectoria tocarán os mellores dos seus éxitos para facer gozar as cativas e os cativos.



> Venres 18

22.00 h / Praza do Concello

Colabora: 

BUDIÑO con MERCEDES PEÓN *Paralaia 20 Aniversario*

O primeiro disco publicado por Budiño celebra neste ano o seu 20 aniversario, polo que é a perfecta ocasión para a saída da nova edición remasterizada e a razón desta xira. A publicación de *Paralaia* transgrediu a industria musical galega a amosar outra visión do folk, que grazas a el viaxou por todo o mundo, e que acadou o recoñecemento da crítica mundialmente. O gaitero, compositor e artista leva publicados seis traballos discográficos.

Neste concerto teremos unha oportunidade de gozar do disco e vivilo de novo xunto cunha banda única, conformada para este espectáculo polos músicos Cibrán Seixo, Santiago Cebreiro, Antonio Rodríguez, Sérgio Tannus, Fran Sanz e Isaac Palacín, e estarán acompañados dunha convidada de luxo: Mercedes Peón.



> Venres 25

20.00 h / Xardín Municipal

Colabora:



MAGO DANI *Código 00*

Dani García tráenos *Código*, un espectáculo de rúa de maxia inventiva e persoal, que diverte e sorprende á vez. Un viaxeiro no tempo que posiblemente veña dun lugar afastado que queda perdido no presente, que buscará novos amigos para engadir un código máis na súa maleta.



22.00 h / Praza do Concello

FESTIVAL DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL

Banda Municipal de Gaitas, Grupos de Música e Baile Tradicional da AC Nemeth, Grupos de Música e Baile Tradicional de Arume de Berdillo e Grupos de Música e Grupo de música e baile Tradicional da Asociación Cultural San Campio de Cances

O Festival de Música e Baile Tradicional regresa cunha nova edición, onde as asociacións de Carballo participan, e que amosarán o folclore tradicional galego a través do baile, música e vestuario do noso patrimonio etnográfico. A Banda Municipal de Gaitas de Carballo, Grupos de Música e Baile Tradicional da AC Nemeth, os grupos de Música e Baile Tradicional de Arume de Berdillo, e os grupos de música e baile tradicional da San Campio de Cances, serán os encargos de que o público goce do noso extraordinario patrimonio inmaterial.

